



IES DE PORTO DO
SON
INFORMACIÓN PARA
FAMILIAS
2019/2020

I.- ESTRUCTURA ORGÁNICA DO IES DE PORTO DO SON

1.- Órganos de Goberno

Unipersoais

- Director: David Pérez Iglesias
- Vicedirectora: Sabela García Castaño
- Xefe de Estudos: Pepe Lijó Parada
- Secretario: Ana Dapena Mora

Colexiados

b.1) *Consello Escolar*

- Director (1)
- Xefe de Estudos (1)
- Secretaria (1)
- Profesorado (7)
- Nais/Pais (3)
- Alumnado (3)
- Persoal non docente (1)
- Representante do Concello (1)

b.2) *Claustro*

2.- Órganos de Coordinación Docente

Departamento de Orientación

- Pedagoga (1)
- Pedagogía Terapéutica (3)
- Titores (2)
- Profesor de Formación e orientación laboral (1)

Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares

Departamentos Didácticos:

- Tecnoloxía
- Debuxo
- Ciencias naturais
- Física e química
- Matemáticas

[IES de Porto do Son, As Laxes, 18 - Porto do Son, 15970, A Coruña](mailto:ies.porto.son@edu.xunta.es)
ies.porto.son@edu.xunta.es | [Tfno. 881866707](tel:881866707) | www.ieson.gal

Xeografía e historia
Música
Lingua castelá e literatura
Lingua galega e literatura
Inglés
Francés
Clásicas
Filosofía
Educación física
Economía
Relixión
Ciclo FP

Equipo de Normalización Lingüística

e) Comisión de Coordinación Pedagóxica:

Director
Xefe de Estudos
Departamento de Orientación
Xefes de Departamentos Didácticos
Coordinadora do Equipo de Normalización Lingüística

f) Titores/as

II.- NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA

- Puntualidade na asistencia a todas as clases.
- Respecto por toda a Comunidade Educativa.
- Respecto polo material do centro: instalacións, libros da biblioteca, material deportivo, de talleres e laboratorios, de debuxo, música, etc.
- A clase deberá estar limpa e ordenada en todo momento.
- Non se poderá pintar as mesas nin as paredes do centro.
- Ter o taboleiro limpo e con xiz na aula cando chegue o/a profesor/a.
- Non se permite o uso da cafetería en horas de clase.
- Entre clase e clase o alumnado permanecerá na aula á espera do/a profesor/a da clase ou ben do/a profesor/a de garda, que dará as oportunas instrucións.

ies.porto.son@edu.xunta.es | [Tfno. 881866707](tel:881866707) | www.ieson.gal

- Está prohibido comer nas aulas, nos corredores e nos servizos.
- Non está permitido fumar en todo o recinto escolar.
- Ao remate da última clase do día, as cadeiras deberán quedar enriba das mesas, as luces apagadas e as portas pechadas.
- Non se pode permanecer nas aulas durante os recreos. Os/as delegados/as faranse responsables do peche das mesmas, tanto nos recreos como nos desdobres e sempre que a aula quede baleira.
- Está prohibido saír da aula antes de rematar a hora, aínda que se acabe un exame, control, recuperación, etc.
- A hora de saída é ás 14:00 horas en punto. Ás tardes dos luns é ás 18:00 horas.
- Organizaranse quendas de limpeza de patios periodicamente.
- Está prohibido o uso de móbiles nos períodos lectivos.
- O uso dos móbiles nas aulas será baixo a autorización expresa do profesor ou profesora para o seu aproveitamento didáctico nas clases previa información ás familias.
- As nais e pais e titores legais, ao realizaren a matrícula dos seus fillos/as, asinan, entre outras cuestións, a seguinte información (DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, “**prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos.**”):
 - **CONSIDÉROME INFORMADO/A** da **normativa oficial** en función da cal se dispón que o alumnado **NON DEBE** traer o móbil ao centro de estudo; **EN NINGÚN CASO PODE USALO NIN ESTAR Á VISTA EN PERÍODO LECTIVO**; a **responsabilidade do seu mal uso, ou uso delictivo, recae sobre o alumno/a e os seus responsables legais**; as **perdas, roubos, desperfectos en ningún caso poderán reclamarse ao IES**; os móbiles retirados polo profesorado serán recollidos polos titores legais do alumno/a e constarán como un parte de disciplina: a acumulación de ditos partes é falta grave.

III.- REPRESENTACIÓN DO ALUMNADO NO INSTITUTO

1.- Xunta de delegados e delegadas do alumnado

Delegados e delegadas de grupo
Representantes do alumnado no Consello Escolar

IV.- ASOCIACIÓNS NO INSTITUTO

1.- Asociación de Nais e Pais de alumnos/as

Ten como principal obxectivo a colaboración coa comunidade educativa facendo chegar as propostas dos pais. Será o interlocutor válido entre estes e o equipo directivo, sempre de forma construtiva, para aportar suxestións pola mellora do ensino.

V.- COMUNIDADE EDUCATIVA DO INSTITUTO

1.- Claustro de 49 Profesores (distribuídos en 20 Departamentos)

- Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares:
 - Sabela García Castaño (Vicedirectora)
- Departamento de Tecnoloxía:
 - Paloma Labandeira Villot (Xefa Dpto.)
 - Carlos Miguel López Loureiro
 - Xosé Antón Ponte Pereira
- Departamento de Artes plásticas:
 - Alfonso Pérez Moreno (Xefe Dpto.)
- Departamento de Ciencias naturais:
 - Xulio César Iglesias Feijóo (Xefe Dpto.)
 - María Isabel García Castaño (Vicedirección)
 - Gloria Santos Molinos
 - Jose Carlos Hernández Herrero
- Departamento de Física e Química:
 - Francisco Mariño Domínguez (Xefe Dpto.)
 - Raquel Creo Mayo
 - Ana Dapena Mora (Secretaria)
- Departamento de Matemáticas:
 - Aurora Bugallo López
 - Santiago López Fernández
 - M^a Luz González Gómez
 - M^a Luisa Lires Rodríguez (Xefe Dpto.)
 - Isabel Fernández Rey
- Departamento de Xeografía e historia:
 - María del Pilar García Servia (Xefa Dpto.)
 - Maria Dolores Aldrey Torres
 - José Luis Lijó Parada (Xefe de Estudos)
 - Íñigo Fernández Pérez
- Departamento de Música:
 - César Hermida Otero (Xefe Dpto.)
- Departamento de Lingua castelá e literatura:
 - Teresa Fernández De Paz (Xefa Dpto.)
 - Rut Losada Soto
 - Mariola Domínguez Conde
 - Alicia Domínguez López
- Departamento de Lingua galega e literatura:

IES de Porto do Son, As Laxes, 18 - Porto do Son, 15970, A Coruña
ies.porto.son@edu.xunta.es | Tfno. 881866707 | www.ieson.gal

- María Dores Salgado Ferreiro
- Sonia Ces García (Xefa Dpto.)
- David Pérez Iglesias (Dirección)
- María Xesús García Mariño (Coordinadora do ENLG)
- Departamento de Inglés:
 - Inés Pascual Roi
 - Carmen Caamaño García
 - Juana Poza Noal (Xefa Dpto.)
 - Héctor Agrafojo Blanco (Coordinación Seccións Bilingües)
 - Auxiliar de conversa. (Mario Miguel Gómez Castro)
- Departamento de Francés:
 - Sandra Alvite Santos
 - Corinne Son (Xefa Dpto.)
- Departamento de Clásicas:
 - Ana María Pallares Leal (Xefa Dpto.)
- Departamento de Filosofía:
 - Isidoro Manuel Teira Fernández (Xefe Dpto.)
 - Noelia Martínez Tajés
- Departamento de Educación física e deportiva:
 - Domingo Sampedro Sampedro (Xefe Dpto.)
 - Carlo Guede Franco
 - Alberto Santos Blanco
- Departamento de Relixión:
 - María Dolores Fernández López (Xefa Dpto.)
- Departamento de Economía:
 - Luís Cores González (Xefe Dpto.)
- Departamento de Orientación:
 - Elena González González (Xefa Dpto.)
 - M^a Loreto Nieves González (PT)
 - Rubén Ruzo Noya (PT)
 - Josefa Lorenzo Conde
- Departamento de Ciclo Formativo de FP
 - Alejandra Carro Mahía (Xefa Dpto.)
 - David Gacifío Santos
 - Domingo Sampedro Sampedro

2.- Persoal de Administración e Servizos

a) Secretaría:

Xosé Manuel Alonso Carballo

b) Conserxería Tfno: 881866707

Cecilia Vaamonde Tato

Jorge Blanco González

c) Persoal de Limpeza:

Carmen Pajares Queiro

Juana María Romero Iglesias

Mercedes Varela Blanco

d) Coidadora

Dolores González Castro

3.- Consello Escolar

- a) Representantes do profesorado no
- Carro Mahía, María Alejandra
 - Fernández de Paz, Teresa
 - García Mariño, M^a Xesús
 - García Servia, Pilar
 - González González, Elena
 - Lires Rodríguez, María Luisa
 - Losada Soto, Rut María
 - Dapena Mora, Ana (Secretaria)
 - Lijó Parada, José Luis (Xefe de estudos)
 - Pérez Iglesias, David (Dirección)
- b) Representantes do alumnado no Consello Escolar:
- Rodríguez García, Lucía (1º Bach)
 - Castelao Ouzande, Mariña (4º ESO)
 - Pazos Alvite, Mario (1º Bach)
 - Tomé Mariño, Clara (1º Bach)
- c) Representantes de pais no Consello Escolar:
- Ouzande Corral, Margarita
 - Queiruga Ayaso, María
- d) Asociación de Nais e Pais de Alumnos:
- M^a Pilar García Alboreda
- e) Representante do Concello:
- M^a Magdalena Pérez Millares
- e) Representante do Persoal de Administración e Servizos:
- Xosé Manuel Alonso Carballo

VI.- ACTIVIDADES QUE SE REALIZAN NO INSTITUTO

1.-Actividades académicas: 416 alumnos

Primeiro Ciclo da ESO:

- 1º da ESO con 79 alumnos (4 grupos)
- 2º da ESO con 78 alumnos (3 grupos) e PMAR
- 3º da ESO con 61 alumnos (3 grupos)

Segundo Ciclo da ESO:

- 4º da ESO con 74 alumnos (3 grupos)

Bacharelato:

- 1º Bacharelato con 46 alumnos (2 grupos)
- 2º Bacharelato con 45 alumnos (2 grupos)

Ciclos formativo de grao medio:

- "Condución de actividades físicas e deportivas no medio natural" con 22 alumnos (1 grupo de 1º) máis 11 alumnos (de 2º), realizando a FCT.

2.- Programas de Centro

- a) Traballo por proxectos en 1º, 2º e 3º de ESO. O proxecto didáctico que se está a desenvolver desde o 2016, xira en torno ao núcleo temático dos roteiros didácticos de Porto do Son. Para este proxecto utilizamos ao alumnado do ciclo como monitores das rutas, intentando inculcar unha relación de tutoría do alumnado do ciclo ao alumnado de 1º ESO.

Se queredes ter máis información sobre este proxecto o podedes consultalo e seguir as actividades na páxina web do Centro no apartado Roteiros da páxina do IES, <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesportoson/>

- b) Atención especializada e individual a alumnos que presentan algún tipo de necesidade educativa especial con profesorado de apoio nunha *aula específica*.
- c) Está previsto solicitar a participación no Plan Proa dirixido a dous grupos de alumnos/as de 1º e 2º de ESO coa finalidade de actuar en diversos campos que se consideren esenciais para mellorar as expectativas escolares, a través de intervencións que se desenvolven fóra do horario lectivo xeral do centro. Pretende reforzar as competencias básicas, mellorar as habilidades e actitudes asociadas á lectura, reforzar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo, alentar ao estudo e propoñer formas de traballo eficaces. En liñas xerais, cada grupo estará ao cargo de profesorado deste centro, que realizará o

ies.porto.son@edu.xunta.es | [Tfno. 881866707](tel:881866707) | www.ieson.gal

acompañamento fóra do horario lectivo, dous días na semana -martes e mércores-, en módulos de dúas horas. Haberá transporte escolar.

- d) Este curso en aplicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pola que regula a atención á diversidade do alumnado e do Decreto 85/2015 temos establecido programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas baseados nos mínimos esixibles das áreas de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, destinados ao alumnado de 1º e 2º de ESO ao que se lle ten diagnosticado importantes déficits formativos, e que se concretan nunha atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente expresado nos ditos mínimos.
- e) Contamos con seguir participando no programa *Correspondentes xuvenís 3.0.*, para darlle unha continuidade ao traballo iniciado o curso pasado. O lema deste programa é: Xuventude, infórmate e fórmate. Podedes visionalo na páxina web do Centro. Tamén hai anos que está funcionando os Clubs de lectura (dous para alumnos e, dende o curso pasado, un de adultos para nais/pais, profesores...) e o grupo de teatro.
- f) Grupo de PMAR en 2º ESO.

3.- Actividades complementarias

- Visitas didácticas programadas polos distintos departamentos en relación co currículo de cada área (visitas a exposicións, representacións teatrais, concertos, ...).
- O centro educativo conta cun Plan de Formación Permanente do Profesorado centrado este curso no uso escolar da radio, e dos espazos-maker..
- Reforzo da convivencia do alumnado do ciclo como guías-condutores nas actividades ao aire libre dos alumnos do centro educativo.
- Realización de viaxes culturais.

4.- Biblioteca

Integrada na rede do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

Desde este servizo, desenvólvese: a dinamización da lectura, a formación de usuarios, a alfabetización informacional, o préstamo de fondos, dinamización do traballo por proxectos, etc.

Ofrece tres clubs de lectura: dous para o alumnado e un para adultos da comunidade educativa (profesorado, persoal non docente, pais/nais...).

5.- Servizos complementarios

- Servizos de fotocopias
- Cafetería
- Transporte escolar

VII.- HORARIO ACADÉMICO DO CENTRO - 881866707

1.- Horario lectivo:

- De luns a venres: *de 08.20 a 14.00 h.*
- Tarde dos luns: *de 16.20 a 18.00 h.*
- 2 Recreos diarios: *de 10.00 a 10.20 h e de 12.00 a 12.20 h.*

Na distribución diaria das clases non hai horas libres intermedias. Durante a xornada escolar o alumnado ten prohibido saír do recinto escolar. Sempre hai profesores/as de garda pendentes das posibles incidencias.

VIII.- HORARIO DE VISITAS E OFICINAS

1.- Director:

- *David Pérez Iglesias: chamar para confirmar.*

2.- Xefe de Estudos:

- *Pepe Lijó Parada: chamar para confirmar*

3.- Orientadora:

- *Elena González González: Martes de 11,10 a 12:00h.*
Tlfno.: 881866701

4.- Secretaría:

- *De luns a venres, de 08:20 a 14:00 h.*
- *Luns, pola tarde, de 16:20 a 18:00 h.*

5.- Titorías:

IES de Porto do Son, As Laxes, 18 - Porto do Son, 15970, A Coruña
ies.porto.son@edu.xunta.es | Tfno. 881866707 | www.ieson.gal

HORAS TITORÍAS PARA VISITA DE NAIS, PAIS TITORES/AS LEGAIS

Titorías 2019-20

CURSO	Titor/a e delegado/a	Hora de AP
1º ESO A	Titora: Gloria Santos (BX)	Mércores 10:20
1º ESO B	Titora: Isabel Fernández (Mat)	Venres 11:10
1º ESO C	Titor: Alberto Santos (EF)	Mércores 11:10
1º ESO D	Titora: Inés Pascual (Inglés)	Martes 10:20
2º ESO A	Titora: Raquel Creo (FQ)	Mércores 10:20
2º ESO B	Titora: Alicia Domínguez (LC)	Xoves 12:20
2º ESO C	Titor: Xosé Antón Ponte (Tecn)	Martes 10:20
2º ESO PMAR	Titor: José Carlos Hernández (BX)	Martes 9:10
3º ESO A	Titor: Carlos Miguel García (Tecn)	Martes 11:10
3º ESO B	Titor: César Hermida (Música)	Venres 11:10
3º ESO C	Titor: Carlo Guede (EF)	Venres 11:10
4º ESO A	Titora: Loli Fernández (Rel)	Mércores 10:20
4º ESO B	Titora: Juana Poza (Inglés)	Venres

		9:10
4º ESO C	Titora: Dores Salgado (LG)	Xoves 11:10
1º BAC A	Titora: Carmen Caamaño (Inglés)	Venres 10:20
1º BAC B	Titora: Rut Losada (LC)	Martes 11:10
2º BAC A	Titor: Héctor Agrafojo (Inglés)	Xoves 10:20
2º BAC B	Titora: M.Xesús García (LG)	Xoves 11:10
CICLO	Titor: Domingo Sampedro	Venres 10:20

IX.- A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

Ten carácter obrigatorio e constitúe xunto coa educación primaria, a ensinanza básica. Abrangue catro cursos académicos, que se siguen ordinariamente entre os doce e dezaseis anos de idade.

Segundo a LOMCE a ESO estrutúrase en dous ciclos:

- 1º Ciclo: 1º, 2º e 3º cursos.
- 2º Ciclo: 4º curso.

Na LOMCE as materias organízanse en tres tipos de bloques de asignaturas:

- **Materias troncais:** xerais que son comúns a todo o alumnado dun mesmo curso, e de opción en 3º e 4º curso.
- **Materias específicas:** obrigatorias e de opción.
- **Materias de libre configuración autonómica.**

A promoción realízase segundo o *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Promoción:

Artigo 23. Promoción

1. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

2. Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

....

As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

3. Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia terase en conta aos efectos de promoción previstos nos apartados anteriores.

4. O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, terá dereito a permanecer no réxime ordinario cursando educación secundaria obrigatoria ata os dezanove anos de idade, feitos no ano no que finalice o curso. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

5. *En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.*

6. *Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Os centros docentes organizarán este plan de acordo co que estableza a consellería con competencias en materia de educación.*

7. *Coa finalidade de facilitar que todo o alumnado logre os obxectivos e alcance o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes, a consellería con competencias en materia de educación establecerá medidas de reforzo educativo, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo. A aplicación personalizada das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.*

Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Se se considera necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica.

O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna.

Titulación:

Para titular en 4º de ESO é necesario obter avaliación positiva en todas as materias ou ben negativa nun máximo de dúas materias, sempre que estas non sexan de forma simultánea matemáticas e lingua castelá ou matemáticas e lingua galega.

Sen perxuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno/a alcanzou os obxectivos da etapa e adquiriu as competencias correspondentes.

No título constará a cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria. A cualificación final da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha de las materias cursadas na Educación Secundaria Obrigatoria, expresada nunha escala de 1 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

SAÍDAS AO OBTER O TÍTULO DE GRADUADO EN ESO (LOMCE)

O devandito título permitirá acceder as ensinanzas postobrigatorias de acordo cos requisitos que se establecen para cada ensinanza.

Obtendo o título da ESO as condicións de acceso a destacar nas seguintes ensinanzas son:

- **Bacharelato.** Si o alumno superou a proba de avaliación final.
- **Formación profesional de grao medio.** Si-alumno superou a proba de avaliación final.
- **Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao medio** (dourado e policromía, serigrafía artística, ebanistería) e ademáis acreditar as aptitudes necesarias mediante a superación dunha proba específica.
- **Ensinanzas deportivas de grao medio:** fútbol, fútbol sala, atletismo, baloncesto, balonmán, salvamento, socorrismo... e ademáis acreditar as aptitudes necesarias mediante a superación dunha proba específica.
- **Mundo laboral.**

X.- BACHARELATO

O Bacharelato comprende 2 anos académicos e organízase en 3 modalidades diferentes:

- *Ciencias*
- *Humanidades e Ciencias Sociais*
- *Artes*

No IES de Porto do Son as modalidades que están implantadas son: *Ciencias*, e *Humanidades e Ciencias Sociais (LOMCE)*.

Esta etapa ten como finalidade proporcionarlle aos alumnos formación, madurez, coñecementos e habilidades que lle permitan incorporarse á vida activa e capacitalos para acceder á educación superior.

A PROMOCIÓN NO BACHARELATO

- **Promoción de 1º ao 2º curso:**

Artigo 35. Promoción (LOMCE)

1. Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das

materias pendentes de primeiro. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. Sen superar o prazo máximo para cursar o bacharelato indicado no artigo 28.3, os alumnos e as alumnas poderán repetir cada un dos cursos de bacharelato unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo dun informe favorable do equipo docente.

2. *A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que un alumno ou unha alumna que cursasen o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade poidan pasar ao segundo nunha modalidade distinta.*

3. *Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo.*

- Permanencia no Bacharelato:

Con carácter xeral, o alumnado poderá permanecer escolarizado no Bacharelato no réxime ordinario durante catro cursos académicos, consecutivos ou non. Esgotado estas convocatorias os alumnos/as poderán matricularse pola educación das persoas adultas nas ensinanzas de Bacharelato.

- Anulación de matrícula:

O alumnado poderá solicitar a anulación de matrícula á dirección do centro, antes do 30 de abril, cando circunstancias de doenza prolongada, incorporación a un posto de traballo ou obrigas de tipo familiar ou persoal impidan seguir, en situación normal, os estudos.

- Titulación:

Para acadar o título hai que superar todas as materias sen excepción.

XI.- FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA: CICLO MEDIO

É unha etapa da educación secundaria non obrigatoria. No IES de Porto do Son impártese o ciclo formativo de grao medio de *Conducción de actividades físico-deportivas no medio natural*. A titulación que se obtén é a de técnico en conducción de actividades físico-deportivas no medio natural. A súa finalidade é a preparación do alumnado para desempeñar as seguintes ocupacións: acompañante de montaña, guía de turismo ecuestre, guía de itinerarios en bicicleta, coordinador de actividades de conducción/guía en empresas turísticas ou entidades públicas ou privadas de actividade na natureza, promotor de actividades de conducción/guía en clubs ou asociacións.

XII.- DÍAS NON LECTIVOS DO CENTRO

Días non lectivos escollidos polo centro.

20/03/2020 ----- 04/05/2020

XIII.- CALENDARIO DE AVALIACIÓNS 2019-20

AVALIACIÓN INICIAL	08-09/10/2019
REUNIÓN TITORAS/TITORES COAS FAMILIAS	14/10/2019
PRIMEIRA AVALIACIÓN 2º BACH	28/11/2019
PRIMEIRA AVALIACIÓN 1º BACH-ESO	18-19/12/2019
SEGUNDA AVALIACIÓN 2º BACH	27/02/2020
SEGUNDA AVALIACIÓN 1º BACH-ESO	25-26/03/2020
SEMANA CULTURAL	30>03/04/2020
TERCEIRA AVALIACIÓN 2º BACH MATERIAS PENDENTES DE 1º BACH	??? 21/05/2020
EXAMES AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA 2º BACH	15>19/06/2020
AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA 2º BACH TERCEIRA AVALIACIÓN 1º BACH-ESO PENDENTES 2º, 3º e 4º ESO (Exames en maio, se non aproban durante o curso seguindo os plans dos departamentos.)	22-23/06/2020

[IES de Porto do Son, As Laxes, 18 - Porto do Son, 15970, A Coruña](#)
ies.porto.son@edu.xunta.es | [Tfno. 881866707](tel:881866707) | www.ieson.gal

IES DE PORTO DO SON OUTUBRO 2019